


FESTIVAL DOS
ABRAZOS

do 1 ao 31 de agosto nos lugares singulares de Compostela

Creación en aberto





O Festival dos Abrazos é unha mostra da creación contemporánea local e internacional coa que a Concellaría de Cultura e Centros Socioculturais ofrece unha nova ollada sobre os espazos singulares de Santiago de Compostela. Do 1 ao 31 de agosto, este certame multicultural espalla polas rúas e prazas da cidade dúcias de innovadoras propostas artísticas que:

- **dinamizan a cidade**, apostando pola cultura e a creación como eixo do desenvolvemento
- **fomentan novos diálogos** entre a creación artística, o público e o patrimonio cultural e ambiental
- proxectan no exterior unha imaxe de Compostela e de Galicia como **escenario da creación e da imaxinación** que repercute a nivel cultural, turístico e económico
- **converten o Festival nun referente internacional** da innovación cultural para situarse na vangarda europea dos grandes festivais de verán

Na liña da exitosa primeira edición, o Festival dos Abrazos 2009, “Crea(c)ción en Aberto”, é unha invitación a redescubrir a cidade como un espazo de encontros e diálogos entre a cidadanía e a creación, entre o patrimonio e a vangarda. O FdA é unha plataforma de creación intercultural e multidisciplinar **aberta á participación da cidadanía** que este ano dá un importante paso, co nacemento da sección Abrazos Off.

2009 Crea(c)ión en aberto

O 2009 é o Ano Europeo da Creatividade e da Innovación. Co lema “Crea(c)ión en Aberto”, a segunda edición do FdA une o espírito de creación innovadora á aspiración de ser un festival aberto tanto á cidadanía como aos axentes sociais e culturais da cidade, promovendo Compostela como unha cidade creativa, aberta, innovadora e dinámica.

O FdA afonda na súa aposta pola diversidade dos contidos e formatos, abríndose a novas disciplinas e artes emerxentes. Terán cabida na segunda edición do festival propostas de creadores e doutros axentes do ámbito local e o internacional adaptadas á diversidade e singularidade dos espazos. A innovación, a experimentación e os abrazos entre disciplinas, creadores e espazos marcarán o ton da programación deste ano.

O Festival dos Abrazos servirá como paraugas para as iniciativas culturais do mes de agosto en Santiago de Compostela, co propósito de converterse progresivamente nunha ampla plataforma de exhibición das achegas creativas e artísticas que se desenvolven na cidade e noutros territorios do mundo. Neste sentido, incorpóranse dous novos axentes á programación do festival:

- aCentral Folque, que programará obradoiros e concertos de música popular
- a Arteria Noroeste, que presentará propostas de músicos e outros artistas do territorio español.

Estes axentes súmanse aos que xa participaron na programación de 2008 e volven facelo este ano:

- Curtocircuito, co ciclo de curtametraxes
- Asociación Cultural Cidade Vella, que programará concertos e outras actividades nas rúas do casco histórico.

en aberto

O FdA presenta unha proposta multidisciplinar na que teñen cabida todas as artes: a música, a danza, o circo, o clown, o teatro, as artes plásticas, o cine, a experimentación... Trinta e un días de concertos, representacións, exposicións, proxeccións, obradoiros, conferencias e espectáculos dirixidos tanto ao público local como aos visitantes da cidade.

A PRO- GRAMA- CIÓN

Preto de 150 actividades que encherán o mes de agosto cunha estrutura programática semanal: o luns será o día da arte experimental, o martes collerán o relevo os (neo) trovadores, o piano será o protagonista os mércores e os xoves a música de raíz re-

visitará os recunchos de Compostela. As fins de semana, haberá obradoiros, arte dixital e unha aproximación innovadora ao patrimonio da Igrexa. Entre medias, de xeito transversal, clown, circo, maxia, danza, audiovisual e artes plásticas.

Cada semana haberá, ademais, un abrazo entre as culturas do mundo, representado en proxectos de sona internacional como o Stockholm Lisboa Project, o Kora Jazz Trío, Oreka TX ou a Orquestra Chekara. Outra proposta de calado internacional será a visita da Orquestra Sinfónica e máis do Coro de San Petersburgo, os días 18 e 19 de agosto.



Stockholm Lisboa Project

Un encontro de músicos portugueses e suecos que exploran os puntos de encontro entre as súas tradicións musicais. Tomando a distancia máis como desafío que como dificultade, atoparon novas texturas para a linguaxe universal que é a música, tendendo pontes sólidas de norte a sur. O seu repertorio abrangue composicións tradicionais portuguesas e escandinavas, desde o fado á polca, levadas ata o espectador a través das cores sonoras do violín, a mandolina, a mandola nórdica, a harmónica e a voz. Simon Stålspets, Sérgio Crisóstomo, Liana e Filip Jers son a cara deste proxecto.



Kora Jazz Trio

Trío africano composto por Djeli Moussa Diawara (kora), Abdoulaye Diabaté (piano) e Moussa Cissoko (percusión). Un guineano e dous senegaleses que fan jazz con sinais de identidade. Propoñen un diálogo entre a música tradicional mandinga e a liberdade da improvisación jazzística. Música que xorde da asociación da kora coa tradición percusionista da África occidental e o swing afroamericano. Trátase dunha fusión inédita que, malia iso, parece natural. Sons étnicos debuxados ao redor de composicións propias que toman do jazz os principios, pero non os acabados, de trazos oriúndos. “Unha deliciosa alquimia de jazz do mundo”, segundo a crítica, “un milagre de frescor”.




Orquestra Chekara e Jóvenes Flamencos

A orquestra Chekara de Tetuán é un desafío ao abismo do estreito de Xibraltar. Fundada en 1958 por Abdessadak Chekara, violinista e cantaor marroquí, naceu coa intención de buscar un punto de identidade entre a música andalusí e a flamenca. Un diálogo multicultural fluído que aposta polo aproveitamento das similitudes e das diferenzas para unha permanente renovación. O herdeiro e director da orquestra na actualidade, Jallal Chekara, traballa para manter as orixes jondas do proxecto do seu tío con José Heredia. Para isto conta coa colaboración de catro artistas flamencos novos: Alicia Acuña (voz), Vicente Gelo (voz), Raúl Cantizano (guitarra) e Ángeles Gabaldón (baile). Completan a formación Youserr el Hosseieni (laúd e voz); Asís Samsawi (kanun), Mouhsinne Kuraichi (darbouka), Mostafa Ahakam (nai e frauta) e Said Chekara (viola e voz).



Oreka TX

Dúo de txalapartaris formado por Harkaitz Martínez e Igor Otxoa. Dende a súa creación no ano 1997 interviñeron en innumerables proxectos e formacións. Habituais da banda en directo de Kepa Junquera, compartiron tamén escenario con Dulce Pontes, Taraf de Haidouks, Hendirgarna, Phil Cunningham, María del Mar Bonet e mesmo os galegos Carlos Núñez, Susana Seivane e Berrogüeto. Quercus Endorphina (2001) é o seu primeiro disco. O segundo saíu en 2006 trala estrea do documental Nómadak TX, no que a txalaparta actuou como semente de unión entre pobos e culturas. Alentados polos cineastas Raúl de la Fuente e Pablo Iraburu viaxaron á India, Laponia, Mongolia e ao Sáhara para facer gravacións con músicos locais.



Orquestra Sinfónica e Coro de San Petersburgo



A Orquestra Sinfónica de San Petersburgo, alén da súa calidade recoñecida a nivel internacional ao longo dos seus 78 anos de vida, converteuse en testemuña e protagonista dos fitos históricos do século XX. Formada en 1931, durante o auxe da radio, como Orquestra da Radio de Leningrado, durante a Guerra foi a única que mantivo a súa actividade, converténdose nun símbolo da loita pola dignidade humana. Desde entón pasou por numerosas etapas con grandes directores á fronte. Na actualidade exerce como tal Alexander Dmitriev, catedrático no Conservatorio de San Petersburgo e gañador do premio do Estado de Rusia. Actuará en Galicia por primeira vez na súa historia, ao igual que o Coro de San Petersburgo.



Campo aberto

Ao igual que na primeira edición, as prazas, rúas, parques e xardíns de Compostela son os protagonistas do Festival dos Abrazos. Espazos para redescubrir á luz dos diálogos que con eles establecen as creacións artísticas.

Estacións de paso


O festival invita a deterse nas rúas e prazas máis coñecidas da cidade histórica, polas que transitan cada día milleiros de composteláns e visitantes. O Toural, a Quintana, Praterías e tantas outras rúas e prazas polas que pasamos todos os días e que o FdA nos invita a mirar con outros ollos.





Espazos íntimos

A cidade histórica de Compostela garda recunchos pouco coñecidos, que case nunca figuran nas guías turísticas e que incluso moitos veciños descoñecen. Son xardíns como o de Fonseca, prazas como a da Oliveira e igrexas como a de Santa María do Camiño que o festival convida a descubrir desde o punto de vista da creación artística

ABRAZOS ff


ciónwebarte
 ciónsobre o pa
 performanceste
 reaciónwebartes
 nsobreopatrimoni
 tecnoloxíaartístic
 breopatrimonio
 rmancestecnr
 erasinterve
 onol

Unha das principais novidades da edición de 2009 será a inclusión da sección Abrazos Off, **escaparte para os novos creadores** de Compostela e Galicia. Trátase dunha sección aberta que dará aos novos artistas a oportunidade de amosar ao público as súas propostas máis arriscadas e novidasas. As bases completas pódense consultar na web www.festivaldosabrazos.org. Poderán presentarse proxectos de calquera disciplina artística ou linguaxe creativa. Porén, serán especialmente valorados os proxectos de **disciplinas e linguaxes menos habituais** na escena galega: artes efémeras, intervencións plásticas sobre o espazo patrimonial, etc.

As propostas

A temática é libre, sempre e cando concorde coa filosofía do festival. Cada artista poderá presentar tantos proxectos como estime oportuno. Pódense presentar proxectos para espazos concretos, aínda que a organización do festival decidirá a localización máis axeitada para o desenvolvemento dos proxectos seleccionados atendendo a súa viabilidade.

Os proxectos que se presenten deben incluír unha descrición técnica e de contidos da proposta, o currículo da persoa ou colectivo solicitante e a documentación necesaria para a produción e a comunicación do evento.



As propostas teñen que ser recibidas **antes do 20 de xullo** no enderezo electrónico off@festivaldosabrazos.org ou no enderezo postal:

Festival dos Abrazos
AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións, s/n
REF.: Festival dos Abrazos


Selección

Os proxectos serán seleccionados pola organización do Festival, atendendo a:

- Adecuación á filosofía do festival;
- Calidade artística;
- Complementariedade entre as distintas propostas;
- Viabilidade técnica, material e económica. Terán preferencia os proxectos que se axusten a unha produción concisa.

Os proxectos seleccionados beneficiaranse de:

- Promoción e publicidade nos soportes de comunicación do Festival dos Abrazos
- Apoio e asesoramento na produción técnica
- Axuda económica para a montaxe do espectáculo (quedan excluídos cachés e honorarios) que será fixada en función do número de proxectos seleccionados





A primeira edición do FdA desenvolveuse durante o mes de agosto de 2008. Foron:

- 31 días
- 31 espazos da cidade
- 73 propostas culturais diferentes
- 126 actividades
- e 60.000 asistentes.

A programación de 2008 incluíu:

propostas locais

Emilio Cao, Talabarte, Xosé Nine, Aló Irmao, Mago Gonzalo, Hyde Casinos, Quinquilláns, Keresú-Mugardos, Xosé Miguélez Jazz Project...

actuacións internacionais

chegadas de catro continentes: a Xove Orquestra Árabe Xudía (Palestina/Israel), os Derviches de El Cairo (Exipto), Barbatuques (Brasil), Aki Takase (Xapón), Pangeia Instrumentos (Portugal/Angola), Sofa Surfers (Austria), Dhoad Gypsies of Rajastan (India), Glenn Jones e Pekko Kappi (EUA/Finlandia), etc.

Os composteláns e compostelás implicáronse no festival, acudindo masivamente aos pasarrúas, os espectáculos de teatro e danza, os concertos... Tamén os cativos tiveron unha presenza destacada, sobre todo nas actividades de circo e clown.

Os espectadores puideron redescubrir para a arte espazos como o xardín de Fonseca, a igrexa de Santa María do Camiño e a praza da Oliveira, e puxéronlle nome a lugares transitados a cotío, como a praza dos Gatos e a praza de Feixoó. O festival introduciuse na rutina diaria da cidade con accións como as alboradas diarias desde o balcón do pazo de Bendaña.

No verán pasado, o FdA provocou encontros inesquecibles entre a creación internacional de vangarda e os escenarios composteláns:

- as músicas árabe e xudía soaron a carón dunha das catedrais emblemáticas do cristianismo
- os rezos ao deus hindú dos xitanos achegaron unha espiritualidade diferente á beira da Porta Santa

E confluencias entre distintas propostas e disciplinas artísticas:

- proxectos multidisciplinares como o teatro-circo de Circolando ou o circo musical de Swing Guitars Aló Django
- aprendizaxe entre artistas, por exemplo coa participación de derviches no obradoiro de Barbatuques sobre o uso do corpo como instrumento
- diálogo entre disciplinas, na liña do que ofreceu Bernard Masuir ao integrar as esculturas de Manolo Paz no seu concerto teatralizado.





Festival dos Abrazos
AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións, s/n
Santiago de Compostela
info@festivaldosabrazos.org
www.festivaldosabrazos.org